

INFORME DE AVALIACIÓN FINAL

ABEIRAR: Desprazamento e refuxio dende un enfoque de dereitos

Asemblea de Cooperación Pola Paz





CONTIDO

RESUMEN EXECUTIVO	2
INTRODUCCIÓN	2
OBXECTO	5
CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA ANÁLISE	5
VARIABLES DE ANÁLISE	7
CONCLUSIÓN – RECOMENDACIÓN.....	21
BIBLIOGRAFÍA.....	24
ANEXOS	25

RESUMEN EXECUTIVO

O presente documento sintetiza o proceso de recollida, procesamento, análise e interpretación da información desenvolvido no marco da **avaliación final do Proxecto: “Abeirar: Desprazamento e refuxio dende o enfoque de dereitos” de Asemblea de Cooperación Pola Paz**, aprobado para financiación pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE na convocatoria de subvencións a proxecto de Educación para Desenvolvemento e a Cidadanía Global do ano 2022, respondendo ás variables de pertinencia, eficacia e impacto.

O estudo, delimitado ás provincias de Coruña da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolveuse co emprego de técnicas cualitativas e cuantitativas e alimentouse con informacións obtidas de fontes primarias, secundarias, persoais e documentais.

A poboación estudada estivo representada por: profesorado dos centros participantes no proxecto e as persoas das asistencias técnicas que participan no mesmo.

Un primeiro avance da información que se presenta con respecto ás variables estudadas é:

1. A **EFICACIA** da intervención é alta. Os indicadores están cumpridos (salvo excepción cuantitativas - non cualitativas-) e, incluso, algúns deles cuantitativamente por encima do esperado.
2. Con respecto á **PERTINENCIA** con respecto á adecuación dos materiais é media, e con respecto ao nivel satisfacción coa coordinación e o fluír da información é entre alta e moi alta.
3. O **IMPACTO** do proxecto considérase que este axuda a desenvolver aptitudes e capacidades para achegarse ao enfoque migratorio e de refuxio dende unha visión e perspectiva diversas cun enfoque crítico e reflexivo, tanto no alumnado, coma no profesorado e nas asistencias técnicas.

INTRODUCCIÓN

O actual proxecto, “*Abeirar: desprazamento e refuxio desde un enfoque de dereitos*”, pretende xerar e facilitar procesos de reflexión e toma de consciencia sobre os procesos migratorios forzosos e de refuxio baixo un enfoque de Dereitos Humanos (obxectivo xeral) e, de maneira concreta, desenvolver aptitudes e capacidades para achegarse ao enfoque migratorio e de refuxio dende unha visión e perspectiva diversas cun enfoque crítico e reflexivo (obxectivo específico).

Para tratar de dar cumprimento a estes obxectivos, contempla accións en varias liñas cun formato lúdico-artístico e participativo orientadas a sensibilizar, a través da arte e o xogo, á cidadanía – especialmente a xente nova – arredor das causas dos procesos migratorios – especialmente os xerados por causas forzosas e de refuxio – e promover a reflexión e unha actitude empática e solidaria cara as persoas que viven estas realidades.

Ademais do eido educativo, esta proposta ten unha forte compoñente tamén de incidencia política e social, así como ao establecemento de redes entre entidades e organizacións do Sur e do Norte a fin de intercambiar experiencias e coñecementos, promover aprendizaxe mutua e unir forzar na loita con obxectivos comúns.

De forma esquemática, os principais piares do proxecto foron:

- ✓ **Materiais pedagóxicos:** para esta proposta empregáronse tres materiais propios de ACP: o conto “*A teteira de Kabul*” – empregado no anterior proxecto “*Escolas sen Racismo*” -, o xogo de *escape* “*A viaxe*” e a exposición “*De profesión, cidadanía: migración e refuxio*”. A partir do conto “*A teteira de Kabul*” fíxose a guionización e produción dunha obra de teatros de obxectos para público infantil e un *stop motion*.
- ✓ **O traballo nos centros escolares:** combinando o traballo e a intervención directa co alumnado co acompañamento ao profesorado.
- ✓ **Encontro con activistas do Sur:** contouse coa presenza de dúas activistas de El Salvador en Galicia. A través da súa testemuña directa deuse a coñecer a realidade do seus país, da situación con respecto aos Dereitos Humanos, especialmente en situación de desprazamentos forzosos. Ao tratarse dun proxecto de incidencia política tamén se deron xuntanzas con responsables de administracións autonómicas

e locais (titulares de obrigas) e, de forma complementaria, tiveron presenza en medios de comunicación.

- ✓ Fortaleceuse a presenza en espazos de incidencia e comunitarios tecendo redes: esta proxecto tivo vontade de ter presenza en espazos educativos máis alá dos escolares, mediante actividades como a proxección do *stop motion* e a obra teatral, de mans de organizacións e entidades do eido social e comunitario, especialmente con corte xuvenil.

A coordinación, seguimento e avaliación do proxecto foi unha constante transversal ao mesmo, así como o eido da comunicación.

A este respecto, entendemos como avaliación “unha apreciación, tan sistemática e obxectiva como sexa posible, sobre un proxecto en curso ou acabado, un programa ou un conxunto de liñas de acción, a súa concepción, a súa realización e os seus resultados. Ademais de determinar a pertinencia dos obxectivos e o seu grao de realización, a eficiencia en canto ao desenvolvemento, a eficacia, o impacto e a viabilidade, proporcionando unhas informacións cribles e útiles, que permitan integrar os ensinados sacados, nos mecanismos de elaboración das decisións”¹. Esta considérase fundamental para mellorar a planificación, fortalecer as capacidades das entidades involucradas na xestión das intervencións e facilitar a participación e concertación entre todos os actores implicados.

Tomando en consideración esta importancia, Asemblea de Cooperación Pola Paz, solicitou o deseño metodolóxico dunha avaliación externa, así como a elaboración dos instrumentos de recolección de información e a elaboración do correspondente traballo de campo, xunto coa entrega dun documento final onde se recollen todas estas apreciacións.

O presente documento inclúe os obxectivos do estudo, así coma as características principais da análise (enfoque, variables, metodoloxía). Ademais dos resultados do traballo de campo, rematando coas conclusións ás que chega a equipa consultora, e a formulación de recomendacións con vistas futuras intervencións. Na última parte do informe pódense atopar os instrumentos de recollida de datos (no apartado de Anexos).

¹ Definición de Avaliación segundo: CAD, 1995a, p. 178.

OBXECTO

Obxectivo xeral

- **Avaliar o proxecto “Abeirar: Desprazamento e refuxio con enfoque de dereitos”,** centrándose na eficacia, pertinencia e impacto, para chegar a unha serie de conclusións e recomendación con vistas a futuras intervencións.

Obxectivos específicos

- ✓ Avaliar o grao de consecución dos indicadores do proxecto (EFICACIA).
- ✓ Avaliar a adecuación dos materiais desenvolvidos ao contexto, así como a satisfacción coa coordinación e o fluír da comunicación (PERTINENCIA).
- ✓ Avaliar os efectos globais da intervención (IMPACTO).

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA ANÁLISE

Enfoque

Trátase de unha avaliación criterial ex-post externa, que responde ao análise de pertinencia, eficiencia e impacto, desbotando o proceso de deseño (tratado xa na liña de base), e centrándose no desenvolvemento e no impacto do mesmo.

Definición das variables de análise

A continuación sinálase unha definición de cada una dos criterios ou variables que se considera importantes medir, ao fin de saber de que se está a falar.

Eficacia

A avaliación da eficacia da axuda ao desenvolvemento trata de medir e valorar o grao de consecución dos obxectivos inicialmente previstos, é dicir, persegue xulgar a intervención en función da súa orientación a resultados.

Pertinencia

A avaliación da pertinencia consiste en valorar a adecuación dos resultados e os obxectivos da intervención ao contexto no que se realiza. Coa súa análise estúdase a calidade do diagnóstico que sustenta a intervención, xulgando a súa correspondencia coas necesidades observadas na poboación beneficiaria.

Impacto

A avaliación do impacto trata de identificar os efectos xerados pola intervención, positivos ou negativos, esperados ou non, directos e indirectos, colaterais e inducidos. A análise dos impactos céntrase na determinación dos efectos netos atribuíbles á actuación.

Metodoloxía

A metodoloxía da avaliación está baseada en técnicas cualitativas e cuantitativas, coa intención de afondar dunha maneira máis substancial nos procesos desenvolvidos, na xestión dos mesmo e no impacto nas persoas beneficiarias.

As **técnicas cualitativas** aplicadas son:

- Entrevistas semiestructuradas: realizáronse 3 entrevistas ás asistencias técnicas dos proxecto e 2 entrevistas a profesorado encargado da coordinación do proxecto de dous centros distintos.
- Análise documental:

Os documentos a analizar serán como mínimo os seguintes:

- ✓ Proxecto aprobado (técnico).
- ✓ Informe final (técnico).
- ✓ Fontes de Verificación.

As **técnicas cuantitativas** aplicadas son:

- Cuestionario: aplicouse un cuestionario deseñado expresamente para esta análise, ao profesorado coordinador dos cinco centros participantes. Dos cinco centros, contestaron 4 e remataron a enquisa 3.

VARIABLES DE ANÁLISE



As variables de análises coas súas correspondentes preguntas e respostas son as seguintes:

EFICACIA
<i>Preguntas referidas ao grao de consecución dos obxectivos</i>
Alcanzáronse os resultados previstos da intervención?
Lográronse outros efectos non previstos?

A continuación expóñense os indicadores do Obxectivo Específico e dos Resultados e a situación dos mesmos ao final do proxecto, tendo en conta que os efectos non previstos por parte do proxecto foron os seguintes:

- A participación na Feira de Primavera de San Pedro (que xurdiu a través da colaboración co centro Vila Alborada).
- E o mesmo día que se presentou o Stop Motion da Teteira de Kabul en aberto no centro, fíxose un mural.

	INDICADORES A AVALIAR	SITUACIÓN AVALIACIÓN
OBXECTIVO ESPECÍFICO	IOV-1.- Ao finalizar o proxecto, polo menos 128 alumnos e alumnas de educación infantil e primaria e 715 de secundaria achegáronse ao feito migratorio e de refuxio dende unha visión e perspectivas diversas cun enfoque crítico e reflexivo.	Polo menos 510 alumnos e alumnas de educación infantil e primaria e 582 de secundaria achegáronse ao feito migratorio e de refuxio dende unha visión e perspectiva diversas cun enfoque crítico e reflexivo.
	IOV-2.- Ao finalizar o proxecto, polo menos 20 mozas e mozos fóra do ámbito escolar achegáronse ao feito migratorio e de refuxio dende unha visión e perspectivas diversas cun enfoque crítico e reflexivo.	A lo menos 38 persoas (23 mozas e 15 mozos) fóra do ámbito escolar achegáronse ao feito migratorio e de refuxio dende unha visión e perspectivas diversas cun enfoque crítico e reflexivo.
	IOV-3.- Ao finalizar o proxecto, o profesorado participante (60% mulleres) ten aumentada (70%) a súa sensibilización no fomento da empatía intercultural e coñecemento das persoas migrantes e refuxiadas.	O 100% do profesora enquisa afirma que: <ul style="list-style-type: none"> - O grao de empatía cara as persoas migrantes por parte do profesorado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de coñecementos adquiridos con respecto ás persoas migrantes por parte do profesorado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de comprensión dos procesos migratorios por parte do profesorado é bastante no 100%.
	IOV-4.- Ao finalizar o proxecto, o alumnado participante (60% mulleres) ten aumentada (70%) a súa sensibilización no fomento da empatía intercultural e coñecemento das persoas migrantes e refuxiadas.	O 100% do profesora enquisa afirma que: <ul style="list-style-type: none"> - O grao de empatía cara as persoas migrantes por parte do alumnado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de coñecementos adquiridos con respecto ás persoas migrantes por parte do alumnado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de comprensión dos procesos migratorios por parte do alumnado é bastante no 100%.
	IOV-5.- Ao longo do proxecto, cando menos unha activista do Sur participa na coordinación do proxecto e toma de decisións.	Cando menos unha activista do Sur participa na coordinación do proxecto e toma de decisións, segundo a información achegada pola responsable do proxecto.

	INDICADORES A AVALIAR	SITUACIÓN AVALIACIÓN
RESULTADO 1	IOV-1.1.- Durante a execución do proxecto, realizado un proceso de seguimento e coordinación continuado do proxecto entre a equipa ACP, servizos técnicos e entidades implicadas.	Realizado un proceso de seguimento e coordinación continuado do proxecto entre a equipa de ACP, servizos técnicos e entidades implicadas, tal e como se pode comprobar a través das entrevistas realizadas ás asistencias técnicas e ás persoas responsables nos centros.
	IOV-1.2.- Ao finalizar o proxecto, as entidades e servizos técnicos implicados (80%) manifestan a súa satisfacción coa coordinación do proxecto.	O 100% das asistencias técnicas entrevistas manifestan a súa satisfacción coa coordinación do proxecto, sendo o rango entre bastante e moito. O 100% dos centros que participaron na enquisa valoran positivamente (moito) a súa satisfacción coa coordinación do proxecto.

		O 100% dos centros entrevistas valoran positivamente a súa satisfacción coa coordinación do proxecto, destacando a dispoñibilidade, a resposta inmediata e a posibilidade de acudir ao centro can é preciso, por parte da organización.
	IOV-1.3.- Ao cuarto mes de execución, realizada unha liña de base na que se recolle coa información de partida sistematizada.	Una liña de base con información sistematizada.
	IOV-1.4.- Ao rematar o proxecto realizada avaliación externa do proxecto.	Una avaliación externa do proxecto realizada.
	IOV-1.5.- Ao sexto mes de execución, guionizada e producida unha adaptación teatral do conto “A teteira de Kabul”.	Guionizada e producida unha adaptación teatral do conto “A teteira de Kabul”.
	IOV-1.6.- Ao cuarto mes, materiais didácticos propios do proxecto preparados para a súa distribución.	Materiais didácticas propios do proxecto distribuídos entre os cinco centros.

	INDICADORES A AVALIAR	SITUACIÓN AVALIACIÓN
RESULTADO 2	IOV-2.1.- No primeiro trimestre de execución do proxecto, coordinadas actividades e cronograma de maneira consensuada co profesorado implicado.	Coordinadas actividades e cronogramas de maneira consensuada co profesorado implicado, tal e como se pode comprobar nas entrevistas realizadas ao persoal responsable do proxecto nos centros.
	IOV-2.2.- Ao finalizar o proxecto, o profesorado implicado (80%) manifesta a súa satisfacción coa coordinación do proxecto.	
	IOV-2.3.- Ao longo do curso, o material didáctico do proxecto é empregado nos cinco centros escolares.	O material didáctico do proxecto é empregado nos cinco centros escolares.
	IOV-2.4.- Ao finalizar o proxecto, o profesorado participante (60% mulleres) ten aumentada (70%) a súa sensibilización no fomento da empatía intercultural e coñecemento das persoas migrantes e refuxiadas.	O 100% do profesora enquisa afirma que: <ul style="list-style-type: none"> - O grao de empatía cara as persoas migrantes por parte do profesorado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de coñecementos adquiridos con respecto ás persoas migrantes por parte do profesorado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de comprensión dos procesos migratorios por parte do profesorado é bastante no 100%.
	IOV-2.5.- 15 alumnos/as (8 rapazas, o 53,33%) realizan coa técnica de stop motion, a adaptación audiovisual do conto “A Teteira de Kabul”.	Alumnos/as realizan coa técnica de stop motion, a adaptación audiovisual do conto “A Teteira de Kabul”.
	IOV-2.6.- Ao remate do proxecto, o alumnado participante presenta o stop motion nun espazo de proxección comunitaria da súa contorna.	O alumnado participante presenta o 19 de decembro (nun acto aberto no colexio) o stop motion. Tamén se fixo un mural.
	IOV-2.7.- Cando menos 40 alumnas e alumnos de educación infantil e primaria (50% nenas e 50% nenos) participan da representación teatral, coa técnica de teatro de obxectos, “A Teteira de Kabul”.	Alumnado de educación primaria participan da representación teatral, coa técnica de teatro de obxectos, “A Teteira de Kabul”, segundo a entrevista mantida cunha das responsables do proxecto nun dos centros.
	IOV-2.8.- Despois da representación teatral, o alumnado asistente (80%) valora positivamente a obra teatral.	Despois da representación teatral, o alumnado asistente valora positivamente a obra teatral, segundo a entrevista mantida coa persoa responsable do proxecto no centro.

	IOV-2.9.- Cando menos 715 alumnas e alumnos de educación secundaria participan da dinamización do xogo de escape "A viaxe".	Alumnado de educación secundaria participan da dinamización do xogo de escape "A viaxe", segundo a entrevista mantida cunha das responsables do proxecto nun dos centros.
	IOV-2.10.- Despois da realización das sesións de dinamización do xogo de escape, o 85% do alumnado participante comprende os procesos migratorios e de refuxio e amosa unha actitude empática cara as persoas migrantes.	O 100% do profesora enquisa afirma que: <ul style="list-style-type: none"> - O grao de empatía cara as persoas migrantes por parte do alumnado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de coñecementos adquiridos con respecto ás persoas migrantes por parte do alumnado atópase entre bastante (67%) e moito (33%). - O grado de comprensión dos procesos migratorios por parte do alumnado é bastante no 100%.



	INDICADORES A AVALIAR	SITUACIÓN AVALIACIÓN
RESULTADO 3	IOV-3.1.- Ao noveno mes de execución do proxecto, realizado encontro entre alumnado e profesorado con activistas do Sur.	4 encontros realizados entre alumnado e profesorado con activistas do Sur nos centros de: CIFP Leixa de Ferrol, IES de Brión, IES Laxeiro de Lalín e IES de Ames.
	IOV-3.2.- Ao noveno mes de execución do proxecto, realizadas, cando menos, tres xuntanzas entre TdO con activistas do Sur.	Realizadas 3 xuntanzas entre TdO (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Secretaría Xeral de Igualdade e FOGACOSOL) con activistas do Sur.
	IOV-3.3.- Ao noveno mes de execución do proxecto realizado un encontro aberto á cidadanía con activistas do Sur.	3 encontros abertos á cidadanía con activistas do Sur: un no Seminario de Comunicación Social organizado pola ONGD AGARESO, outro na Tenda de Comercio Xusto da Coruña de Solidariedade Internacional e outro en Vila de Cruces apoiado polo colectivo Levedar.
	IOV-3.4.- Ao finalizar o proxecto, a xira de activistas do Sur ten xerado, cando menos, tres impactos en medios de comunicación.	10 impacto en 8 medios de comunicación e o portal dun Concello.

	INDICADORES A AVALIAR	SITUACIÓN AVALIACIÓN
RESULTADO 4	IOV-4.1.- Ao finalizar o proxecto, a obra de teatro de obxectos "A Teteira de Kabul" representada nun espazo fóra do ámbito escolar.	A obra de teatro de obxectos "A Teteira de Kabul" representada ao público xeral no Concello de Bertamiráns.
	IOV-4.2.- Cando menos 20 persoas mozas (50% mozas e 50% mozos) terán participado de tres dinamizacións do xogo de escape room.	38 persoas (23 mozas e 15 mozos) participan de 2 dinamizacións do xogo de escape room.
	IOV-4.3.- Despois da realización das sesións de dinamización do xogo de escape, o 85% das mozas participantes comprende os procesos migratorios e de refuxio e amosa unha actitude empática cara as persoas migrantes.	Non se pode avaliar este indicador
	IOV-4.4.- Ao oitavo mes producido e presentado un spot audiovisual sobre a obra de teatro de obxectos "A Teteira de Kabul" como apoio para a súa replicabilidade.	Producido e presentado un spot audiovisual sobre a obra de teatro de obxectos "A Teteira de Kabul".
	IOV-4.5.- Durante a execución do proxecto, unha media de 100 alcances nas redes sociais sobre proxectos da cooperación galega, especificamente con poboación en situación de mobilidade humana.	Un total de 545 gustos e reaccións + 19 comentarios + 57 compartir nas RRSS (Facebook + Instagram) do proxecto Abeirar.

PERTINENCIA

Preguntas referidas á adecuación da intervención ao contexto

Son apropiados os materiais para tratar o tema do refuxio?

Existiu unha coordinación satisfactoria por parte de todas as partes ao longo do proxecto?

Fluíu a información de maneira correcta e satisfactoria?

En relación ao grado de satisfacción cos materiais facilitados por ACPP e o grao de satisfacción coa coordinación, os resultados das **3 persoas** que contestaron a esta pregunta na **enquisa facilitada ao profesorado**, son os seguintes:

	Nada	Algo	Bastante	Moito
Grao satisfacción cos materiais facilitados por ACPP para as actividades	0%	0%	67%	33%
Grao de satisfacción coa coordinación das actividades do proxecto	0%	0%	0%	100%

Afondando na pregunta sobre se son apropiados os materiais a través das entrevistas realizadas ao profesorado, atopouse que, no que respecta o **libro da Teteira de Kabul**, destacan **puntos positivos** como pode ser o **tipo de edición, a súa presentación**, e que serve para traballar cos colectivo infantil, pero afondan e poñen de releve **de xeito importante o problema con que se atopan**, como é **a forma de narración da historia que non chega a "enganchar" aos nenos e nenas**, e que o profesorado ten que guialos para o seu entendemento. Neste senso, indican que **sería preciso que fose unha historia de ficción con maior acción, e co seu inicio, nó e desenlace**.

Por outra banda, a representación da **obra de Teatro que fai referencia ao libro**, A Teteira de Kabul, tamén **amosas esas debilidades** que trataron de suplilas os mestres e mestras unha vez na aula, **se ben a actividade en si é motivadora para o colectivo infantil**, en canto a representación teatral se refire.

Destácase que a **temática é moi axeitada**, con **temas actuais e importantes**, que son **necesarios achegalos ao colectivo infantil**, sendo relevante que se faga **a través da escola**.

Con respecto ao **Xogo de Escape**, faise fincapé na **complexidade desta actividade e a**

necesidade de apoio da organización para a posta en marcha. Foi unha actividade que se **efectuou para alumnado de 4º ESO**, e consideran que aínda así foi **unha actividade que resultou difícil e complicada para o nivel**. Ademais, ao levarse a cabo con estudantes de último curso da ESO, **non se lle pode dar continuidade**.

12

En xeral, **é unha actividade que require tempo e isto tamén dificulta o levarse a cabo**, posto que no caso de que haxa outras actividades programadas **no centro, supón un esforzo o encaixe do mesmo**.

No relativo á **Exposición**, mencionase a **necesidade de que exposición estea máis tempo (máis de 15 días)** no IES. Por outra banda, indícase a **dificultade do manexo da cantidade de información que se lle facilita** ao persoal titor: a **guía de acompañamento é un material moi extenso**, polo que **sería preciso que dende a organización se indique as actividades máis propicias para cada nivel ou curso**.

No que respecta á pregunta sobre coordinación, a través das entrevistas realizadas ao profesorado, enxalzase a **profesionalidade da organización**, e de xeito específico no que respecta a **Raquel**, tanto na **atención prestada como a súa dispoñibilidade** ante calquera necesidade, e o **coidado** que manifesta **no traballo a desenvolver**. **Destácase a facilidade de contactar con ACCP** vía e-mail e telefónica, así como **o seu acompañamento e a súa inmediatez de resposta**.

O fluír da información é moi axeitada, mencionándose de xeito especial a xuntanza presencial de inicio de curso, a dispoñibilidade vía e-mail ou telefónica e presenza nos centros no momento en que é preciso.

En relación ás asistencia técnicas, en xeral consideran que existiu unha boa coordinación e unha boa comunicación, destacando os seguintes puntos:

- **O traballo coa Organización e a coordinación coa mesma** foron cuestións **moi fáciles**, levándose a cabo unha **comunicación continúa: "ACPP ía informando dos avances do proxecto a todas as partes, dende o inicio e aprobación ata o remate do mesmo, e facilitando a intervención/participación e reprogramación das actividades por parte de**

Urdime e Xarope Tulú”.

13

- **Moi positivo** o fluír da información/comunicación, onde **estaban incluídas todas as partes implicadas neste proceso** (Urdime e a compañía teatral), efectuándose tanto **vía e-mail** como de xeito **telefónico**, pero tamén leváronse a cabo **xuntanzas presenciais** nos casos que requiría o proxecto, vinculadas co desenvolvemento da actividade en si.
- *“Nós estamos encantadas con ACPP, en concreto con Raquel. Durante **todo o tempo foi moi humano todo o trato, sempre foi moi accesible, nos acompañou todo o tempo, estivo moi pendente de nós**”.*
- *“**Nunha temática tan sensible como pode ser a Guerra, ir acompañadas dunhas persoas que levan tanto tempo acompañando estes procesos, fai que se amplíe a nosa mirada e fai que nos asistan, que nos acompañen, paréceme moi interesante**”.*
- En **xeral fluía a información para a comunicación en RRSS e Medios**. Aínda que houbo momentos en que foi difícil este fluxo xa que require dun traballo previo, polo que nalgúns momentos fíxose difícil facer a planificación a longo prazo.

IMPACTO
<i>Preguntas referidas aos efectos globais da intervención</i>
Contribuíu a intervención a alcanzar o obxectivo global proposto?
Logrouse un impacto positivo sobre as persoas beneficiarias directos considerados?
Producíronse impactos positivos non previstos sobre as persoas beneficiarias?
Producíronse impactos negativos non previstos sobre as persoas beneficiarias?

Impacto con respecto ao profesorado, segundo a enquisa:

	Nada	Algo	Bastante	Moito
Grao de coñecementos adquiridos con respecto as persoas migrantes e refuxiadas	0%	0%	67%	33%
Grao de comprensión dos procesos migratorios e de refuxio	0%	0%	100%	0%
Grao de empatía cara as persoas migrantes	0%	0%	67%	33%
Grao de coñecemento respecto da temática: xénero- migración- refuxio	0%	0%	100%	0%

Grao de coñecementos adquiridos, comprensión dos procesos migratorios e de refuxio e empatía cara as persoas migrantes por parte do profesorado (segundo a enquisa):

	Nada de acordo	Algo de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo
Os desprazamentos humanos son un fenómeno global	0%	0%	33%	67%
O dereito á mobilidade humana e á libre circulación está estreitamente vinculado co dereito a permanecer no propio territorio en condicións de dignidade e de liberdade	0%	0%	0%	100%
O estatuto de persoa refuxiada baséase nun temor fundado a que a persoa sexa perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a un determinado grupo social, xénero ou orientación sexual	0%	0%	67%	33%
A globalización facilitou a mobilidade internacional da poboación do chamando Norte Global, non das persoas do Sur Global	0%	0%	33%	67%
As persoas poden exercer plenamente a súa cidadanía cando residen no Estado da súa propia cidadanía	33%	0%	33%	33%
As razóns que poden empuxar ás persoas a migrar son cada vez máis difusas, complexas e multicausais o que fai da migración un dos grandes retos na realidade política, económica e social internacional	0%	0%	0%	100%

	Nada de acordo	Algo de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo
As situacións de tránsito irregular onde mulleres e nenas sofren discriminación, abusos sexuais, violencia ou trata e tráfico de persoas son frecuentes	0%	0%	67%	33%
A trata de mulleres, as mulleres sobreviventes de violencia machista, a mutilación xenital feminina ou a represión de ao colectivo LGBTI son motivos de asilo	0%	0%	0%	100%
A persecución de mulleres que sufriron aborto é motivo de asilo	0%	0%	0%	100%

Impacto con respecto ao alumnado, segundo a enquisa ao profesorado:

	Nada	Algo	Bastante	Moito
Grao satisfacción cos actividades facilitadas por ACPD	0%	0%	33%	67%
Grao de coñecementos adquiridos con respecto as persoas migrantes e refuxiadas	0%	0%	67%	33%
Grao de comprensión dos procesos migratorios e de refuxio	0%	0%	100%	0%
Grao de coñecemento respecto da temática: xénero- migración- refuxio	0%	0%	100%	0%
Grao de empatía cara as persoas migrantes	0%	0%	67%	33%

Segundo as entrevistas ao profesorado, o impacto sobre o alumnado obsérvase a través de:

- **Unha resposta afirmativa no mesmo e como este tema imprégñase nel**, que albíscase ao abordar actividades que fan referencia á temática en cuestión, e como **amosan o seu coñecemento**.
- **O aumento da capacidade de empatía vese reflectido** coa actitude que manifestan cando **reciben a alumnado procedente doutros países e culturas**, no que respecta o seu **acollemento e integración no centro**.

Con respecto ao profesorado, coméntase nas entrevistas que:

- **Existe un grupo de mestres e mestras que sempre amosaron interese e implicación** no tocante ás temáticas a desenvolver polo **proxecto**, porén este **non fixo que aumentara a participación do número de docentes no mesmo, debido a saturación de traballo e falta de tempo, máis que por falta de interese**.
- **Gran parte do profesorado non puideron traballar a guía como se debería pola extensión da mesma e falta de tempo**. Non obstante, teñen toda a información a súa

dispoñibilidade na aula virtual.

16

Nestas entrevistas sinálase un nivel de satisfacción, entre medio e alto do alumnado, e sobre o profesorado coméntase:

- O profesorado mostra **un nivel medio de satisfacción co proxecto**, debido fundamentalmente á falta de tempo. Como medida de mellora suxíren un maior tempo de duración da exposición (un mes como mínimo), posto que estas actividades lévanse a cabo no tempo de titoría e as veces teñen que ir demorándoas porque é preciso abordar outras situacións que xorden nas aulas.

Aínda así, sinálase que **ese nivel de satisfacción, pode verse a través das seguintes sinais:**

- **Implicación** por parte do profesorado que forma parte do proxecto.
- **Un grado de satisfacción moi alto coas actividades e traballo con ACPP**. Neste eido, cítase de forma específica o Teatro Forum, como actividade de gusta moito ao profesorado.
- **A importancia que da o profesorado no desenvolvemento deste tipo de actividades dende idades temperás, para a formación de cidadáns con espírito crítico.**

Como cousas positivas do proceso desenvolvido co proxecto, sinalan:

- A súa **reposta é satisfactoria coas actividades a desenvolver, así como co traballo de ACPP**.
- Destácase que **a incorporación de este tipo de actividades no Plan de Acción Titorial, supoñen un enriquecemento** das accións propostas polo departamento de orientación.

Pola contra, mencionase que debe **mellorase** varias cuestións:

- **O tempo de exposición**, debendo ser este maior (como mínimo un mes).
- **Concretar actividades por nivel, e mirar a adecuación das mesmas aos cursos ou niveis educativos**. (Non ve axeitado o Xogo e a Exposición para cursos de 1º e 2º da ESO).

Como impactos non esperados polo profesorado, destacan:

- **O aprendizaxe do alumnado**, no que respecta as temáticas de traballo. Nese senso, os nenos e nenas **amosan coñecemento**, e que a información atópase "cimentada".
- **O material que se emprega, sendo este moi útil e rico para o centro.**

Con respecto ás **asistencias técnicas**, segundo o **impacto ao alumnado**, comentan:

- Con respecto á súa participación **na obra de teatro como público asistente**, sinala un **momento de interacción entre unha das actrices e o público infantil**, no que pregunta que é o que se levarían nun momento crítico que lle fixese marchar das súas casas, como poder ser o estalido dunha guerra. Neste punto, albíscase variedade de respostas, **sendo o relevante de este feito o proceso de reflexión por parte do alumnado**, observando tamén, como ao remate da representación teatral, seguíase falando do feito de ter que saír das súas casas. **"A peza consegue facerse unha pregunta que na súa vida habitual non se farían"**.
- **"Nalgúns casos si considero que aumentaron a súa empatía cos procesos de migración forzada e as persoas que os protagonizan, sobre todo ligado a algúns produtos que se xeraron: Conto de azul como ceo, amarela como o sol e a adaptación da Teteira de Kabul, creo que axudaron moito. Ademais o material informativo destes dous produtos creo que axudaron e eu notei certa receptividade neste senso"**.
- **"O teatro ten a capacidade de achegar á xente acercar cousas que non están no día a día. Polas características do teatro, creo que si, que hai algo que te remove, pero tamén é moi necesario e interesante facer o traballo previo, é moi importante para que as pequenas saiban que van facer... É un obxectivo demasiado ambicioso o de crear empatía. Sensibilízase nese momento..."**

Estas mesmas, con **respecto ao profesorado** comenta que a través dun pequeno feedback, este indicou que se trataba dunha **obra fermosa e como dende unha representación teatral se plasmaba un tema tan difícil de traballar como a guerra e a migración forzosa**, e como se desenvolvía de xeito moi axeitado. Ao mesmo tempo, **trasladaron que levaban moito para traballar na aula.**

Como **aspectos positivos do proceso**, sinalan por unha banda, **o traballar con ACP**, dende a **disposición amosada pola organización**, ata a **comunicación**; e por outra, que unha vez remata

o proxecto a peza teatral forma parte do repertorio de Xarope Tulú, sen necesidade de coordinarse con ACP.

18

No tocante a **propostas de mellora**, indícase o feito de **dar continuidade a esta colaboración entre Urdime, Xarope Tulú e ACP**, posto que unha vez rematado o proxecto, descoñécese se isto vai poder seguir dándose. Porén, e neste senso, **ACPP contactou con outras asociacións e organizacións** para que a peza teatral puidese seguir representándose noutros espazos e centros educativos, máis alá de ACP. Esta **situación ven condicionada por a necesidade de fondos** ou financiamento. A pesar diso, **segue manténdose contacto entre as partes implicadas con esta finalidade**.

Como impacto non esperados, destacan:

- **O proceso de sensibilización e empatía cara os procesos forzados e as súas protagonistas espertado nas actrices (actriz e actor) da Obra:** *"O proceso de ensaio se nos fixo moi duro contar a historia. Pensamos que estamos moi sensibilizado de que estamos en moitas temáticas, pero realmente non estamos, precisamos facer moito traballo con respecto a isto."*
- **O acompañamento que houbo por parte de ACP para o proceso creativo da compañía** (salientándose o papel desenvolvido por Raquel polo seu perfil) **que fixo que o resultado da peza teatral como ferramenta educativa fose máis "potente"**, non que só fora un produto cultural escénico ou artístico fermoso.

LECCIÓNS APRENDIDAS

PROFESORADO

- ✓ **O descubrimento por parte do alumnado das desigualdades do mundo, e a identificación de claves en canto a inmigración, o discurso do odio, sobre os prexuízos, sendo estas moi útiles de cara o seu futuro.**
- ✓ **Para o profesorado, estas cuestións son moi relevantes para a formación de bos cidadáns, e observan como o traballo nestas cuestións van quedando no ideario do alumnado, e que a sociedade vaia por outro camiños lonxe da "mediocridade" e "desigualdade".**

- ✓ Unha **traxectoria de traballo con ACPP** de 15 anos, que **descansa sobre o bo facer da mesma**, o o **traballo dirixido aos ciclos formativos de infantil e primaria** (alude a dificultade de atopar organizacións que traballen fora do ciclo de secundaria, cando se iniciaron na EpD).
- ✓ **A presenza na escola por parte da ONGD** (cita que hai organizacións que si poden facilitar materiais pero que non se achegan ao centro escolar)
- ✓ **A necesidade de inversión de fondos en accións formativas ou de traballo en EpD, ou Cooperación**, posto que a pesar de non ver resultados tanxibles, son **necesarios para crear cidadáns con espírito crítico e que podan facer unha lectura da realidade con certos valores:** " El dinero que se invierte en cooperación y dentro de la cooperación en formación, es absolutamente necesario, y además es que tiene frutos".
- ✓ O **coñecemento dunha palabra nova "abeirar"**. **O título do proxecto causou satisfacción entre o profesorado.**
- ✓ **A necesidade de que a actividade do Xogo sexa dinamizada por alguén da organización**, xa que require de destrezas e de moito coñecemento para manexar e guiar dita acción.

ASISTENCIAS TÉCNICAS

- ✓ **A presencialidade foi un punto forte do proxecto** con respecto aos medios.
- ✓ Respecto dos medios, **cando que hai elemento que requiren máis inmediatez**, cando hai cousas de peso, que **requiren unha maior presenza persoal ou telefónica, non só dixital.**
- ✓ **Como as mirada das distintas partes implicadas no proxecto deron lugar a esta peza teatral con moito potencial como ferramenta educativa** (traballo conxunto dende diversas perspectivas profesionais).
- ✓ **A incorporación de ferramentas dende o ámbito cultural ten moito potencial polas posibilidades que se xeran**, polos movementos que se dan, e procesos que se abren cando as organizacións traballan con compañías escénicas, **dando lugar a posibilidades creativas máis alá das actividades habituais en EpD. Deberíase seguir traballando e investigando neste tipo de accións.**
- ✓ **A necesidade que este tipo de proxectos duren máis alá dun curso escolar para poder traballar en profundidade co alumnado**, vendo a súa evolución (**necesidade de continuidade e sostibilidade no tempo**).
- ✓ Dende a Xunta, debería comprometerse máis con facer teatro nas escolas. Por parte das

institucións deberían de ter un compromiso de achegar o teatro ás escolas. Achegar as artes escénicas aos peques, é importante, porque se non se perden, e é un dereito: dereito á cultura. Sobre todo ao rural.

CONCLUSIÓNS – RECOMENDACIÓNS

No relativo á **Eficacia**, os indicadores están cumpridos (salvo excepción cuantitativas - non cualitativas-) e, incluso, algúns deles cuantitativamente por encima do esperado.

Con respecto á **Pertinencia**:

- O libro da Teteria de Kabul non chega a “enganchar” aos nenos e nenas. É o profesorado o que ten que guialos para o seu entendemento.
- A obra de Teatro que fai referencia ao libro amosa as mesma debilidades, aínda que é unha actividade en si motivadora para o colectivo infantil, en canto á representación teatral se refire.
 - ✓ *Como recomendación se propón facilitar máis acompañamento ao profesorado para traballar o conto e a Obra co alumnado.*
- O xogo de escape é complexo e necesita do apoio da organización para a súa posta en marcha. Ademais, é unha actividade que require de tempo e iso tamén dificulta o levarse a cabo porque supón un esforzo o seu encaixe.
 - ✓ *Axustar este xogo para o nivel de 3º da ESO e que se poida traballar en 3º e 4º, pode ser unha solución. Ademais de pactar desde principio de curso ou finais do anterior cando se realizará o xogo para poder introduci-lo dentro da planificación anual.*
- A exposición necesita de máis tempo. A guía de acompañamento é un material moi extenso e sería preciso que dende a organización se indique as actividades máis propicias para cada nivel ou curso.
 - ✓ *Dividir a guía por niveis (1º e 2º da ESO: 3º e 4º da ESO) e dentro de cada nivel por curso, podería ser unha forma de que o profesorado non se atope cun volume tan grande de información.*
- Con respecto á coordinación e ao fluír de información, estas son cualificadas como moi axeitas polo centros. As asistencia técnicas valóranas como positivas, salvo para a comunicación en RRSS e medios, xa que existiron momentos en que foi difícil este fluxo.
 - ✓ *Recoméndase que nos momento que se precisas máis axilidade na comunicación cos medios e RRSS, utilizar o teléfono como medio de comunicación coa asistencia técnica, en lugar de medios dixitais.*

No que ten que ver co **Impacto**, segundo o profesorado, é positivo sobre o alumnado e tamén sobre o propio profesorado, que desenvolven empatía cara os procesos migratorias e de refuxio e sobre as persoas protagonistas dos mesmos (entre bastante e moita).

22

O nivel de satisfacción co proceso entre o alumando e o profesorado atópase entre medio e alto, segundo as entrevistas, e entre bastante e moito, segundo as enquisas.

Como cousas positivas do proceso desenvolvido co proxecto, sinalan:

- A súa reposta é satisfactoria coas actividades a desenvolver, así como co traballo de ACPP.
- Destácase que a incorporación de este tipo de actividades no Plan de Acción Titorial, supoñen un enriquecemento das accións propostas polo departamento de orientación.

Deben mellorase as seguintes cuestións:

- O tempo de exposición (*como mínimo un mes*).
- Concretar actividades por nivel, e mirar a adecuación das mesmas aos cursos ou niveis educativos. (*Non se ve axeitado o Xogo e a Exposición para cursos de 1º e 2º da ESO*).

Como impactos non esperados polo profesorado, destacan:

- O aprendizaxe do alumnado atópase "cementada".
- O material que se emprega, sendo este moi útil e rico para o centro.
 - ✓ *Recoméndase seguir traballando na mesma liña.*

Con respecto ás asistencias técnicas, segundo o impacto ao alumnado, comentan:

- *"A peza consegue facerse unha pregunta que na súa vida habitual non se farían".*
- *"Conto de azul como ceo, amarela como o sol e a adaptación da Teteira de Kabul e o material informativo destes dous produtos axudaron a crear receptividade"*
- *"Polas características do teatro, creo que si, que hai algo que te remove, pero tamén é moi necesario e interesante facer o traballo previo, é moi importante para que as pequenas saiban que van facer..."*
 - ✓ *Recoméndase reforza a visita á Obra con traballo previo tanto nass aulas coma nos espazos públicos (quizais un pequeno obradoiro que remate coa obra teatral, dirixido por persoas da organización).*

Como impacto non esperados por parte das asistencias técnicas, destacan:

- O proceso de sensibilización e empatía cara os procesos forzados e as súas protagonistas espertado nas actrices (actriz e actor) da Obra.
- O acompañamento que houbo por parte de ACPP para o proceso creativo da compañía que fixo que o resultado da peza teatral como ferramenta educativa fose máis "potente", non que só fora un produto cultural escénico ou artístico fermoso.

23

Respecto das leccións aprendidas destácase:

- ✓ *A presencialidade como punto forte do proxecto, tanto a nivel centro, como a nivel das persoas activistas (para a repercusión nos medios).*
- ✓ *A necesidade de que o Xogo sexa dinamizado por alguén da organización.*
- ✓ *O traballo dirixido aos ciclos formativos de infantil e primaria.*
- ✓ *Seguir traballando e investigando na incorporación de ferramentas dende o ámbito cultural nas actividades de ED dando lugar a posibilidades máis creativas.*
- ✓ *A necesidade de que este tipo de proxecto duren máis alá dun curso escolar para poder traballar en profundidade co alumnado.*
- ✓ *A necesidade de inversión de fondos en accións formativas ou de traballo en EDCG.*

BIBLIOGRAFÍA

- Arredondo, M.; Ruiz, A.; Sanz, B.; Sanz, J.C.; Vélez, C. y Vélez, J.M. (2007). *Manual de Gestión de Evaluaciones de la Cooperación Española*. Ministerio de Asunto Exteriores y de Cooperación
- Celorio, Gema; López de Munain, Alicia e outras (2021). *Educación para la Transformación Social. Educar en la incertidumbre liberadora*. Comunicaciones V Congreso Educación para el Desarrollo (18, 19 e 20 de noviembre de 2021). Vitoria-Gasteiz: Universidad del País Vasco e Hegoa.
- Ligero Lasa, Juan Andrés (2017). Tres métodos de evaluacions de programas y servicios. Jucios finales sumativos, teoría del cambio y evaluación orientada a los actores implicados. Madrid: Means Evaluation.
- Ligero Lasa, Juan Andrés; Porta Lledo, Alma; Muñoz Muñoz, Nuria e Bustelo Ruesta, María (2019). Rayuela un ejercicio de reflexión y comprobación para hacer una evaluación consciente. Madrid: Means Evaluation.
- Redinfor Perú (2017). Material e bibliografía complementaria do curso virtual: *Diseño metodológico de Líneas de Base*. Redinfor Servicios para el Desarrollo.

ANEXOS

Anexo I: Guión de Entrevista ás Asistencias Técnicas

26

ENTREVISTA EN PROFUNDIDADE ÁS ASISTENCIAS TÉCNICAS

1. En que consistiu a colaboración con ACPP no proxecto “Abeirar”?
2. Como se desenvolveu?
3. Que cousas destacarías do proceso?
4. Consideras que existiu un trato horizontal á hora da coordinación entre ambas partes?
5. Como valorarías o fluír da información entre ambas partes?
6. Crees que as persoas beneficiarias das actividades nas que participáchedes aumentaron a súa empatía cos procesos de migración forzada e as persoas protagonista da mesma?
7. Queres subliñar algunha cousa positiva? Queres destacar algo a mellorar?
8. Que cousas positivas resultaron deste proceso que non esperabas? Existen cousas a mellorar?
9. Como leccións aprendidas, que destacarías?

Anexo II: Guión de entrevista ao profesorado coordinador das actividades

27

**ENTREVISTA EN PROFUNDIDADE AO PROFESORADO/PERSOAL DO
GABINETE DE ORIENTACIÓN**

1. En que actividades do proxecto “Abeirar” participáchedes?
2. Como se desenvolveu estas actividades?
3. Que cousas destacarías destas actividades?
4. Como valoras a temática, material e desenvolvemento das mesmas?
5. Crees que o alumnado aumentou a súa empatía cos procesos de migración forzada e as persoas protagonista da mesma? En que o notas?
6. E o profesorado? En que o notas?
7. Cal crees que é o grado de satisfacción coas actividades por parte do alumnado? Por que?
8. E do profesorado? En que o notas?
9. Pasando xa a cuestión máis de organización das actividades, consideras que existiu un trato horizontal á hora da coordinación entre ACPP e vós?
10. Como valorarías o fluír da información entre ambas partes?
11. Queres subliñar algunha cousa positiva de todo o proceso (tanto actividades desenvolvidas coma a relación con ACPP)? Queres destacar algo a mellorar?
12. Que cousas positivas resultaron deste proceso que non esperabas? Existen cousas a mellorar?
13. Como leccións aprendidas, que destacarías?
14. Para rematar, apetéceche comentar algo que non teñas dito e queiras que quede constancia diso?

Enquisa ao profesorado sobre o proxecto Abeirar: desprazamento e refuxio desde o enfoque de dereitos

Páx. 1.-

Desde Asemblea de Cooperación Pola Paz (en adiante, ACP) queremos saber que opinas sobre as seguintes cuestións. Isto axúdanos a seguir traballando con vós da mellor maneira posible, así que pedimos a túa colaboración para ler e contestar con atención este cuestionario.

Trátase dun cuestionario totalmente anónimo. Non hai respostas mellores nin peores, simplemente responde o máis sinceramente posible.

Moitas grazas polo teu tempo e a túa participación, sen ela isto non sería posible!

Páx. 2.- PREGUNTAS SOCIOMÉTRICAS

Preg.1.- Xénero

(* Esta pregunta es obrigatoria)

(* Marque una sola opción)

- Feminino
- Masculino
- Identifícome doutra maneira
- NS/NC

Preg.2.- Centro

(* Esta pregunta es obrigatoria)

(* Marque una sola opción)

- CPR Vilas Alborada
- CEIP López Ferreiro
- IES Laxeiro
- IES de Ames
- IES de Brión

Preg.3.- Actividades nas que participaches (Marca tantas como corresponda)

(* Esta pregunta es obrigatoria)

- Conto da Teteira de Kabul
- Obra de teatro da Teteira de Kabul
- Xogo de escape
- Exposición

Preg.4.- Coñeces a guía didáctica "A viaxe, cando escapar non é un xogo"?

(* Esta pregunta es obrigatoria)

(* Marque una sola opción)

- Si
- Non

Preg.5.- Traballaches con ela?

(* Esta pregunta es obrigatoria)
(* Marque una sola opción)

- Si
- Non

Preg.6.- Se é que si, marca o grao de satisfacción coa mesma

(* Marque una sola opción)

- Nada
- Algo
- Bastante
- Moito

Páx. 3.- PREGUNTAS RESPECTO AO TEU ROL DE PROFESOR/A

Preg.7.- Valora de 1 a 4 as seguintes cuestións, sendo 1 nada e 4 moito

(* Esta pregunta es obrigatoria)
(* Marque una sola opción por fila)

	Nada	Algo	Bastante	Moito
Grao satisfacción cos materiais facilitados por ACPP para as actividades	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de satisfacción coa coordinación das actividades do proxecto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de coñecementos adquiridos con respecto as persoas migrantes e refuxiadas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de comprensión dos procesos migratorios e de refuxio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de empatía cara as persoas migrantes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de coñecemento respecto da temática: xénero- migración-refuxio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Preg.8.- Valora de 1 a 4 as seguintes cuestión, sendo 1 nada de acordo e 4 moi de acordo

(* Esta pregunta es obrigatoria)
(* Marque una sola opción por fila)

	Nada de acordo	Algo de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo
Os desprazamentos humanos son un fenómeno global	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O dereito á mobilidade humana e á libre circulación está estreitamente vinculado co dereito a permanecer no propio territorio en condicións de dignidade e de liberdade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O estatuto de persoa refuxiada baséase nun temor fundado a que a persoa sexa perseguida por motivos de raza,	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

relixión, nacionalidade, opinións políticas, pertenza a un determinado grupo social, xénero ou orientación sexual				
A globalización facilitou a mobilidade internacional da poboación do chamando Norte Global, non das persoas do Sur Global	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As persoas poden exercer plenamente a súa cidadanía cando residen no Estado da súa propia cidadanía	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As razóns que poden empuxar ás persoas a migrar son cada vez máis difusas, complexas e multicausais o que fai da migración un dos grandes retos na realidade política, económica e social internacional	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As situacións de tránsito irregular onde mulleres e nenas sofren discriminación, abusos sexuais, violencia ou trata e tráfico de persoas son frecuentes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A trata de mulleres, as mulleres sobreviventes de violencia machista, a mutilación xenital feminina ou a represión de ao colectivo LGBTI son motivos de asilo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A persecución de mulleres que sufriron aborto é motivo de asilo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Páx. 4.- PREGUNTAS RESPECTO AO TEU ALUMNADO

Preg.9.- Valora de 1 a 4 as seguintes cuestións, sendo 1 nada e 4 moito

(* Esta pregunta es obrigatoria)

(* Marque una sola opción por fila)

	Nada	Algo	Bastante	Moito
Grao satisfacción cos actividades facilitadas por ACP	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de coñecementos adquiridos con respecto as persoas migrantes e refuxiadas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de comprensión dos procesos migratorios e de refuxio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de coñecemento respecto da temática: xénero- migración- refuxio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Grao de empatía cara as persoas migrantes	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Páx. 5.- MOITAS GRAZAS

Moitas grazas pola túa participación.